

ANUNCIO COBRAMENTO

No Decreto da Alcaldía 374/2024, de data 26 de setembro de 2025, aprobáronse os padróns fiscais de contribuíntes que deseguido se relacionan:

- Taxa por subministración de auga potable e mantemento de contadores do segundo cuadrimestre do ano 2025.
- Taxa por recollida de lixo do segundo cuadrimestre do ano 2025.
- Taxa por saneamento do segundo cuadrimestre do ano 2025.
- Canon da auga e canon de xestión de depuradoras do segundo cuadrimestre do ano 2025.

Prazo de ingreso: O prazo de ingreso en período voluntario será dende o día 1 de outubro de 2025 ata o 30 de novembro de 2025, ámbolos dous inclusivos.

Modalidade de pagamento: O importe das débedas poderá ser satisfeito en entidades bancarias, nas contas restrinxidas de Recadación Municipal, de luns a venres, ámbolos dous inclusive, nas que lle será entregado ós suxeitos pasivos ou obrigados ó pagamento o correspondente recibo acreditativo do ingreso. Trancorrido o prazo en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, interese de demora e, no seu caso, as custas que se produzan de acordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria, o referente ó canon da auga e canon de xestión de depuradoras, advírtese de que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e o canon de xestión de depuradoras directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento, pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Exposición ó público: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do presente Edicto no BOP, a efectos de exame e alegacións, de conformidade co disposto no art. 99,8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o Padrón empezando a contar o prazo dun mes para a interposición do recurso de reposición ante o Sr. Alcalde Presidente. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102,3 da lei xeral tributaria, e o artigo 24 do regulamento xeral de recadación.

Recursos: Durante o prazo de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, perante esta Alcaldía, o recurso de reposición, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón fiscal. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, sen prejuicio de interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente. En canto ao canon da auga e ao coeficiente de vertedoría poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Cariño, 29 de setembro de 2025

A Alcaldesa

Ana María López Fernández